



DECRETO DO ALCALDE MODIFICANDO A COMPOSICIÓN DOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Xunta de Goberno Local é un órgano de existencia obrigatoria neste Concello de conformidade co establecido no artigo 126 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, no artigo 59.2-b da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia e artigos 19 e ss. do Regulamento orgánico do goberno e da administración do Concello de Pontevedra.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra está integrada polo Alcalde e un número non superior ao terzo do número legal dos que compoñen o Pleno, dos cales como máximo un terzo poden ter a condición de non concelleiros (artigos 126.2 da Lei 7/1985 e 20 do Regulamento orgánico do goberno e da administración do Concello de Pontevedra).

O nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra correspóndelle de forma libre o Alcalde de conformidade co artigo 126.2 da Lei 7/1985 así como artigo 20 do Regulamento orgánico do goberno e da administración do Concello de Pontevedra.

O 13 de xuño de 2016 nomearonse aos membros da Xunta de Goberno Local do Concello e compre na actualidade modificar esa composición cesando a petición propia ao concelleiro Don Luis Bara Torres e pasando a integrarse o concelleiro Don Xosé Cesareo Mosquera Lorenzo.

A vista do exposto, en exercicio das facultades que me confire a lexislación vixente, RESOLVO:


PRIMEIRO.- Nomear membro da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra ao concelleiro Don Xosé Cesareo Mosquera Lorenzo cesando ao concelleiro Don Luis Bará Torres.

SEGUNDO.- Notifíquese, persoalmente, este Decreto ós concelleiros interesados e dese conta da mesma ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde o día da data.

Así o decreta e ordena o Excmo. Sr. Alcalde, o 24 de outubro de 2016, ante o Secretario da Administración Municipal que da fe do acto.

O Alcalde

Miguel A. Fernández Lores



O Secretario Admón. Municipal

José Carlos Castiñeira Piñeiro

